

# Comeza cos

 amariñas  
o-responsable

km

0

teus  
dereitos

# PROGRAMA DA ÁREA DE IGUALDADE



**AUTORA :**

**Patricia Vaquero González**

*Técnica de Igualdade do Concello de Camariñas.*

**COORDINACIÓN E SUPERVISIÓN TÉCNICA:**

**M<sup>a</sup> Josefa Jimenez**

*Técnica Local de emprego  
do Concello de Camariñas*

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:**

**José Manuel Sestayo López**

*Técnico informático Concello do Camariñas*

**FOTOGRAFÍAS:**

**Portada:**

**Xosé Manuel García Feijoo**

*1º premio do I maratón fotográfico "Implicate" de Camariñas*

**Marca de auga:**

**Deborah Morate Núñez**

**Permisos e prestacións:**

**Ángel Capelán Fernández**

**Dereitos laborais:**

**Francisco José Cela Montes**

*Año de edición 2009*

**NOTA: Este folleto só ten validez informativa**

# *P*ermisos e prestaciones



***Textos extraídos da seguinte lexislación:***

---

- *Real Decreto Lexislativo, 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.*
  - *Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.*
  - *Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.*
  - *Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública.*
-

# PERMISO

DE MATERNIDADE POLO NACEMENTO,  
ACOLLEMENTO OU ADOPCIÓN DUNHA  
FILLA OU FILLO

---

O permiso de maternidade consta dun descanso laboral de 16 semanas ininterrompidas e dunha prestación económica do 100% da base reguladora correspondente.

As 6 semanas posteriores ó parto son de desfrute obrigado da nai, podendo a interesada decidir a distribución do resto do período.

O permiso de maternidade pódese gozar en réxime de xornada completa ou partida.

Amplíase o permiso nos seguintes casos:

- *No caso de parto múltiple, amplíase en 2 semanas por cada filla/o a partir do segundo.*
- *No caso de nacemento, adopción ou acollemento de filla/o discapacitada/o, amplíase 2 semanas.*
- *No caso de fillas/os prematuras/os ou hospitalización do neonato superior a sete días, poderase ampliar polo tempo de hospitalización e ata un máximo de 13 semanas, a partir da data de saída do hospital.*
- *Cando se trate dunha adopción internacional coa necesidade de desprazamento, o permiso poderíase iniciar ata 4 semanas antes da resolución da adopción.*
- *Se fose necesario o desprazamento previo das persoas proxenitoras ao país de orixe da ou do menor en adopción ou acollida internacional, terá dereito a un permiso de ata tres meses de duración. Durante o que percibirán exclusivamente as retribucións básica, podendo gozar delas de forma fraccionada, sempre que non superen os tres meses.*

## CARACTERÍSTICAS DO PERMISO:

- *O permiso de maternidade abóano a Seguridade Social. Sen custos para a empresa.*
- *No caso da extinción do contrato durante a situación de maternidade mantense esta prestación ata o remate do permiso.*
- *No caso de que se cobre a prestación por desemprego, suspenderase pola percepción da prestación por maternidade na contía que lle corresponda. Cando se acabe esta se retoma a prestación por desemprego.*
- *Cando a nai non teña dereito á prestacións de maternidade, o outro proxenitor/a ten dereito ó permiso polo período que correspondera á nai e a percibir, no seu caso, estas prestacións. Este dereito é compatible co permiso de paternidade.*

## REQUISITOS

Para ter dereito á prestación económica por maternidade, esíxese:

- *Estar afiliado, en alta ou en situación asimilada á alta.*
- *Acreditar os seguintes períodos mínimos de cotización:*
  1. *Menores de 21 anos. Non se esixe ningunha cotización.*
  2. *Entre 21 e 26 anos de idade: 90 días cotizados nos 7 últimos anos, ou 180 días cotizados en toda a vida laboral.*
  3. *Maiores de 26 anos: 180 días nos últimos 7 anos ou 360 días en toda a vida laboral.*
- *As traballadoras que non teñan as cotizacións esixidas, terán dereito a unha prestación especial dunha duración de 42 días.*

# DESFRUTE DO PERMISO

- *O dereito poderá facerse efectivo dende o mesmo día en que dea comezo o período de descanso correspondente.*
- *Unha vez transcorridas as 6 semanas obrigatorias despois do parto, a nai pode conceder ao pai parte do mesmo. A duración máxima que lle pode conceder ó outro proxenitor é de 10 semanas que pode desfrutar de forma sucesiva ou simultánea co descanso da nai.*
- *O pai terá dereito a gozar do permiso de maternidade en caso de falecemento da nai, aínda que esta non realizase ningún traballo remunerado.*
- *No suposto de falecemento da filla/a, o permiso por maternidade non se verá reducido, salvo que, finalizadas as 6 semanas de descanso obrigatorio, a nai solicite a reincorporación ó traballo.*
- *Se as vacacións coincidiran coa incapacidade temporal derivada do embarazo, ou cun período de suspensión por maternidade/paternidade, terá dereito a trasladar as vacacións a outras datas distintas, aínda que rematase o ano natural.*

## TRAMITACIÓN DO PERMISO

A solicitude e a documentación esixida deberá presentarse no Instituto Nacional da Seguridade Social ou no Instituto Social da Mariña no caso de traballar no mar.

A documentación que se precisa:

1. *Modelo de solicitude.*
2. *Acreditación da identidade.*
3. *Xustificacións das cotizacións.*
4. *Informe de maternidade, expedido polo conseqüente Servizo Público de Saúde.*
5. *Libro de familia ou certificación da inscrición da/o filla/o no rexistro civil.*

Máis información: [www.miigualdad.es/mujer](http://www.miigualdad.es/mujer)

# PERMISO

DE PATERNIDADE POLO NACEMENTO,  
ACOLLEMENTO OU ADOPCIÓN DUNHA  
FILLA OU FILLO.

O permiso de paternidade consta dunha suspensión do contrato de traballo de 15 días ininterrompidos ou mellora establecida por convenio colectivo e dunha prestación económica do 100% da base reguladora.

No caso de traballadores da administración pública, a suspensión do contrato de traballo por paternidade terá unha duración de 29 días naturais. No caso de parto, acollemento ou adopción múltiple, o permiso será de 35 días naturais.

Poderase desfrutar simultaneamente co permiso de maternidade da outra proxenitora ou unha vez finalizado o mesmo, e , en ámbolos dous casos, a tempo completo ou parcial.

Amplíase o permiso nos seguintes casos:

- *No caso de parto, acollemento ou adopción múltiple, ampliarase en 2 días máis por cada filla/o a partires do segundo.*
- *No caso de nacemento, adopción ou acollemento de filla/o discapacitada/o, amplíase 2 semanas.*
- *No caso de fillas/os prematuras/os ou hospitalización do neonato superior a sete días, poderase ampliar polo tempo de hospitalización e ata un máximo de 13 semanas, a partir da data de saída do hospital.*
- *Cando de trate dunha adopción internacional coa necesidade de desprazamento , o permiso poderíase iniciar ata 4 semanas antes da resolución da adopción.*
- *Se fose necesario o desprazamento previo das persoas proxenitoras ao país de orixe da ou do menor en adopción ou acollida internacional, terá dereito a un permiso de ata tres meses de*



- *duración. Durante o que percibirán exclusivamente as retribucións básicas, podendo gozar delas de forma fraccionada, sempre que non superen os tres meses.*

## CARACTERÍSTICAS DO PERMISO:

- *O permiso de paternidade abóano a Seguridade Social. Sen custos para a empresa.*
- *No caso da extinción do contrato durante a situación de paternidade mantense esta prestación ata o remate do permiso.*
- *No caso de que se este cobrando a prestación por desemprego, esta prestación suspéndese e se pasa a percibir a paternidade na contía que lle corresponda, cando se acabe esta se retoma a prestación por desemprego.*

## REQUISITOS

*Para ter dereito á prestación económica por paternidade do 100% da base reguladora, esíxese ter acreditado un período de cotización mínimo de 180 días nos sete anos anteriores, ó 360 días ó longo de todo a súa vida laboral.*

## TRAMITACIÓN DO PERMISO

A solicitude e a documentación presentárase no Instituto Nacional da Seguridade Social ou no Instituto Social da Mariña para traballadores do mar.

A documentación que se precisa:

1. *Modelo de solicitude.*
2. *Acreditación da identidade.*
3. *Xustificacións das cotizacións.*
4. *Documentación acreditativa do nacemento, adopción ou acollemento.*

## REQUISITOS

- *Estar afiliada na seguridade social e en alta.*
- *Non se require período previo de cotización.*

## SITUACIÓN PROTEXIDA

Protexerase o período de suspensión de contrato nos supostos que, debendo a traballadora cambiar de posto de traballo por outro compatible co seu estado, non foi técnica ou obxectivamente posible facelo, ou non se pode esixir por motivos xustificadas.

*Esta prestación terá a mesma natureza que as derivadas de continxencias profesionais.*

## SITUACIÓN ECONÓMICA

- *Consistirá nun subsidio equivalente ao 100% da base reguladora correspondente a da prestación de incapacidade temporal por continxencias comúns.*
- *Darase nos mesmos termos e condicións que para a prestación de incapacidade temporal por continxencias profesionais.*
- *Nace o día de inicio da suspensión do contrato e finaliza o día anterior á suspensión do contrato por maternidade ou ao de reincorporación ó seu posto de traballo ou a outro posto da empresa compatible co seu estado.*
- *A xestión e pagamento corresponde á entidade xestora coa que a empresa teña concertada a cobertura de riscos de accidentes de traballo e enfermidade profesionais.*

## SITUACIÓN PROTEXIDA

Considérase situación protexida, a efectos da prestación económica, o período de suspensión do contrato de traballo que se produza nos mesmos termos que no caso da suspensión do contrato por risco durante o embarazo.

## PRESTACIÓN ECONÓMICA

Esta prestación concederáselle á traballadora durante o período de suspensión do contrato de traballo e hasta que o/a fillo/a cumpra os 9 meses cando as condicións de traballo puideran influír negativamente na saúde da muller ou do/a fillo/a e non resulte posible cambiar dicho posto.





*D*ereitos laborais

## VACACIÓNS

Terán dereito a desfrutar como mínimo, durante cada ano natural, dunhas **vacacións** retribuídas de 22 días hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano fora menor. A partir dos 15 anos de antigüidade engadirase 1 día máis de vacacións ó mesmo cada cinco anos ata os 30 de antigüidade. Este dereito farase efectivo a partir do ano natural seguinte ó cumprimento da antigüidade. A estes efectos os sábados non serán considerados días hábiles.

Cando o período de vacacións coincida cunha incapacidade temporal derivada do embarazo, parto, lactación natural, permiso de maternidade ou paternidade, terá dereito a trasladar as vacacións a outras datas, aínda que rematase o ano natural.

## PERMISOS E LICENZAS RETRIBUIDAS

- Por **matrimonio** terá dereito a 15 días naturais ininterrompidos.
- Por **traslado de domicilio** na mesma localidade 1 día, e se é noutra localidade 2 días. Se a unidade familiar está integrada por dúas ou máis persoas, o permiso será de 2 días sen cambio de localidade e de 4 se existe cambio.
- Para concorrer a **exames finais** e demais probas definitivas de aptitude, durante os días da súa celebración.
- Poderanse conceder licenzas para a **realización de estudos** sobre materias directamente relacionadas coa Administración Pública,

logo do informe favorable da persoa xerarquicamente superior. O persoal terá dereito a percibir retribucións básicas e máis o complemento familiar.

- Poderase dispoñer de ata 9 días ao ano, para **asuntos persoais** sen xustificación, atendendo sempre as necesidades do servizo. Así mesmo terase dereito ao gozo de 2 días adicionais ao cumprir o sexto trienio, que se incrementará nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do oitavo.
- Para realizar **funcións sindicais**, formación sindical ou de representación de persoal nos termos legalmente establecidos.
- Por tempo indispensable para o cumprimento dun **deber inescusable** de carácter público ou persoal e por deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e persoal.
- Por **falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar se o suceso se produce na mesma localidade será de 3 días hábiles para parentes de 1º grao e 2 días para 2º grao. Cando sexa en distinta localidade é de 5 días para 1º grao e 4 días para 2º grao.**
- Por **intervención quirúrxica sen hospitalización de parentes hasta o 2º grao de consanguinidade ou afinidade** que, por idade, accidente ou enfermidade, non poidan valerse por si mesmas e no desempeñen actividade retribuída, terá dereito a un permiso de 2 días, ou de 4 días se é necesario un desprazamento.
- Para acudir a **consulta médica** polo tempo necesario, con aviso previo e xustificación da necesidade de realización dentro da xornada de traballo.
- Para **acompañar ás revisións médicas as/os fillas/os e ás persoas maiores** ao seu cargo terá dereito a ausentarse polo tempo necesario, con aviso previo e xustificación da necesidade de realización dentro da xornada de traballo.

- Nos supostos de **accidente ou enfermidade moi grave** da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares de primeiro grao, persoas acollidas ou familiares que convivan na mesma casa e para atender ao seu coidado, o persoal terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de 30 días naturais.
- As traballadoras embarazadas e os seus cónxuxes terán dereito a ausentarse do traballo para a realización ou acompañamento de **exames prenatais e técnicas de preparación ao parto** polo tempo necesario para a súa práctica e logo de xustificación da súa necesidade de realización dentro da xornada de traballo.
- O persoal terá dereito a un permiso retribuído para **tratamentos de fecundación** asistida ou acompañamento ao cónxuxe polo tempo necesario para a súa práctica, con aviso previo e xustificación da súa necesidade de realización dentro da xornada de traballo. Se fose necesario o desprazamento, o permiso será de 2 días.
- Por **nacemento de fillas/os prematuros** ou que por calquera outra causa deban permanecer no hospital a continuación do parto, o/a traballador/a terá dereito a ausentarse do traballo durante un máximo de 2 horas diarias e percibirán as retribucións íntegras.
- Por **lactación dunha filla ou fillo menor de doce meses**, terá dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderase substituír por unha redución da xornada normal en media hora ao inicio e ao final da xornada, ou ben unha hora ao inicio ou ao final da xornada. Este dereito poderá ser exercido indistintamente polas persoas proxenitoras, no caso de que ambas traballen.

Poderase substituír o tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente, ou ben por un crédito de horas, podéndose aproveitar en ambos casos, en calquera momento, despois do permiso de maternidade.



*Este permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de partos múltiples.*

- *As faltas de asistencia do persoal funcionario **vítima da violencia de xénero**, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde, segundo proceda.*

## REDUCCIÓNS DE XORNADAS

- *Terá dereito a adaptar a duración e distribución da xornada de traballo, para facer efectivo o **dereito a conciliación da vida familiar, laboral e persoal**, de acordo co convenio colectivo ou coa empresa. As discrepancias coa empresa resolveranse polo Xulgado do Social, presentando a demanda no prazo de 20 días a partir da comunicación da desconformidade por parte da empresa.*
- *Por razóns de garda legal, cando teña o **coidado directo dun menor de doce anos**, de persoa maior que requira especial dedicación ou dunha persoa con discapacidade que non desempeñe actividade retribuída, terá dereito a unha redución dun terzo ou un medio da xornada de traballo, coa diminución proporcional das súas retribucións.*
- *Por **nacemento de fillas/os prematuros** ou que por calquera outra causa deban permanecer no hospital a continuación do parto, o/a traballador/a terá dereito a reducir a súa xornada de traballo hasta un máximo de 2 horas, coa diminución proporcional das súas retribucións.*
- *Por ser preciso atender o **coidado dun familiar de primeiro grao**, o persoal funcionario terá dereito a solicitar unha redución de ata o 50% da xornada laboral, con carácter retribuído, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo dun 1 mes, prorrogable en circunstancias excepcionais e atendendo a extrema gravidade da enfermidade padecida, ata un máximo de 2 meses.*

- *Terá o mesmo dereito o persoal que precise encargarse do **coidado directo dun familiar ata o segundo grao** que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non se poida valer por si mesmo e que non desempeñe actividade retribuída.*
- *O persoal **vítima de violencia de xénero**, terá dereito a redución da xornada coa diminución proporcional da retribución ou á ordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que lle poida ser aplicable.*

## EXCEDENCIAS

- **Excedencia voluntaria de interese particular:** Será preciso ter prestado servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante 5 anos inmediatamente anteriores a súa solicitude. A excedencia será de mínimo de 2 anos continuados.
- **Excedencia de ata 3 anos por coidado de familiares:**
  - *O posto de traballo desempeñado reservarse, cando menos, dous anos. O tempo de permanencia nesta situación será computable para os efectos de trienios, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social*
  - *Para coidar cada filla/o, tanto cando sexa por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou en proceso de adopción, que se contará dende a data de nacemento ou, se é o caso, da resolución xudicial ou administrativa.*
  - *Para o coidado dun familiar que estea ao seu cargo, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non se poida valer por si mesma e non desempeñe actividade retribuída.*

- **Excedencia por razón de violencia de xénero:** *As traballadoras vítimas de violencia de xénero, terán dereito a solicitar a situación de excedencia durante 6 meses sen ter que prestar un tempo máximo de servizos previos e sen que sexa exigible prazo de permanencia nela.*

*Durante os seis primeiros meses terán dereito á reserva do posto de traballo que desempeñasen, e computarase para os efectos de antigüidade, carreira e dereitos do réxime de Seguridade Social que sexa aplicable.*

*Cando as accións xudiciais o esixisen, poderase prorrogar este período por 3 meses, cun máximo de 18, con idénticos efectos aos sinalados anteriormente, para o fin de garantir a efectividade do dereito de protección da vítima.*

*Durante os dous primeiros meses, terá dereito a percibir as retribucións íntegras.*

# DEREITOS

LABORAIS PARA PERSOAL  
AFECTADO POLO ESTATUTO  
DOS/AS TRABALLADORES/AS

---

Os dereitos que se mencionan son os mínimos tendo prevalencia os acordos reflectidos nos convenios colectivos que correspondan sempre que melloren estes mínimos.

## VACACIÓNS

O período de **vacacións anuais** retribuídas será o pactado en convenio colectivo ou contrato individual. En ningún caso a duración será inferior a **30 días naturais**, para un contrato de doce meses ou aparte proporcional para o contrato de menor duración.

Cando o período de vacacións coincida cunha incapacidade temporal derivada do embarazo, parto ou lactación natural, ou co permiso de maternidade e paternidade, terá dereito a trasladar as vacacións en datas distintas, aínda que rematase o ano natural a que correspondan.

## PERMISOS E LICENZAS

- Por **matrimonio** terá dereito a unha licenza retribuída de 15 días naturais ininterrompidos.
- Por **traslado de domicilio** habitual 1 día.
- Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal, inclúese o exercicio do sufraxio activo.
- 2 días polo nacemento de fillo/a e polo falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención quirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, de parentes ata o

*segundo grao. Cando necesite facer un desprazamento o efecto, o prazo será de 4 días.*

- *Para realizar **funcións sindicais** ou de representación de persoal nos termos establecidos legal ou convencionalmente.*
- *Polo tempo indispensable para realizar de **exames prenatais e técnicas de preparación ao parto** que deban realizarse dentro da xornada de traballo.*
- *Nos casos de **nacementos de fillos/as prematuros/as** ou que, por calquera causa, deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, a nai ou o pai terán dereito a ausentarse do traballo durante 1 hora.*
- *As traballadoras, por **lactancia dun fillo/a menor de nove meses**, terán dereito a 1 hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A duración do permiso incrementárase proporcionalmente nos casos de parto múltiple.*

*A muller, pola súa vontade, poderá substituír este dereito por unha redución da súa xornada en media hora coa mesma finalidade ou acumulalo en xornadas completas nos termos previstos na negociación colectiva ou no acordo ó que chegue coa empresa respectando, no seu caso, o establecido en aquela.*

*Este permiso poderá ser desfrutado indistintamente pola nai ou polo pai en caso de que ambos traballen.*

## REDUCCIÓNS DE XORNADAS

- *Terá dereito a adaptar a duración e distribución da xornada de traballo, para facer efectivo o **dereito a conciliación da vida familiar e laboral e persoal**, de acordo có establecido na negociación colectiva ou coa empresa. As discrepancias coa empresa resolveranse polo Xulgado do Social, presentando a*

*demanda no prazo de 20 días a partir da comunicación da desconformidade por parte da empresa.*

- *Quen por razóns de garda legal teña ao seu **coidado directo algún menor de oito anos ou unha persoa con discapacidade física, psíquica o sensorial**, que non desempeñe unha actividade retribuída, terá dereito a unha redución da xornada de traballo entre, ao menos, un oitavo e a metade da duración de aquela.*

*Quen precise encargarse do **coidado directo dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade**, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poida valerse por si mesmo, e non desempeñe actividade retribuída.*

- *Nos casos de **nacementos de prematuros/as** ou que, deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, a nai ou o pai terá dereito a reducir a súa xornada de traballo hasta un máximo de 2 horas, coa diminución proporcional do salario.*
- *A traballadora **vítima da violencia de xénero** terá dereito, á redución da súa xornada de traballo coa diminución proporcional do salario ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou de outras formas de ordenación do tempo de traballo que se utilicen na empresa.*

*Estes dereitos poderanse exercitar nos termos que establezan os convenios colectivos ou os acordos entre empresa e representantes dos traballadores ou coa traballadora afectada.*

## EXCEDENCIAS

- ***Excedencia por desempeño de cargo electo:** A excedencia poderá ser voluntaria ou forzosa. A forzosa, dará dereito á conservación do posto e ó cómputo da antigüidade na súa vixencia sempre que o desempeño do posto imposibilite a asistencia. O reingreso deberá solicitarse dentro do mes seguinte ó do cese no cargo público.*

- **Excedencia por razóns particulares:** O persoal traballador cun ano de antigüidade na empresa ten dereito a que se lle recoñeza unha excedencia voluntaria de entre 4 meses e 5 años. Este dereito so poderá volverse a solicitar despois de catro anos dende o final da anterior excedencia.
- **Excedencia por coidado de fillo/a:** A duración non será superior a 3 anos, (tanto por natureza, como por adopción, acollemento, permanente ou preadoptivo, aínda que sexan provisionais) dende a data de nacemento ou, no seu caso, da resolución xudicial ou administrativa.
- **Excedencia por coidado de familiar:** Duración non superior a 2 anos, salvo que se establecera unha duración maior por negociación colectiva. Inclúese o familiar ata o segundo grao de consanguinidade o afinidade, que por razóns de idade, accidente, enfermidade o discapacidade non poida valerse por si mesmo, e non desempeñe actividade retribuída.

## GRAOS DE PARENTESCO

<b>Relación de graos de consanguinidade:</b>
<i>1º grao: Cónxuxe, pais, fillos.</i>
<i>2º grao: irmáns, netos e avós.</i>

<b>Graos de afinidade:</b>
<i>1º grao: sogros.</i>
<i>2º grao: cuñados e avós do cónxuxe.</i>

**Nota:** Nos textos cando non se especifica se é de consanguinidade ou afinidade enténdese incluídas ámbalas dúas relacións.



## TRABALLADORES/AS AFECTADOS/AS POLO ESTATUTO DOS/AS TRABALLADORES/AS

Vacacións anuais	30 días naturais
Matrimonio	15 días
Traslado de domicilio	1 día
Deber inescusable	Tempo indispensable
Polo nacemento de fillo/a e polo falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención quirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, de parentes ata o segundo grao de consanguinidade o afinidade	2 días. Se desprazamento 4 días.
Exames prenatais e técnicas de preparación ao parto	Tempo indispensable
Nacementos de fillos/as prematuros/as	1 hora de ausencia
Lactancia dun fillo/a menor de nove meses	1 hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións

### REDUCCIÓN DE XORNADA

Dereito a conciliación da vida familiar e laboral e persoal	Adaptar a duración e distribución da xornada de traballo.
Coidado directo algún menor de oito anos ou unha persoa con discapacidade	Redución de ata un oitavo e a metade da xornada.
Nacementos de fillos/as prematuros/as ou que requiran hospitalización	Máximo de 2 horas, coa diminución proporcional do salario.
Coidado directo dun familiar, ata o segundo grao	Redución de ata un oitavo e a metade da xornada.
<b>Vítima da violencia de xénero</b>	Redución da súa xornada de traballo coa diminución proporcional do salario ou á reordenación do tempo de traballo,

### EXCEDENCIAS

Excedencia por desempeño de cargo electo	Voluntaria ou forzosa. A forzosa, dará dereito á conservación do posto.
Excedencia por razóns particulares	Entre 4 meses e 5 anos
Excedencia por coidado de fillo/a	Non será superior a 3 anos
Excedencia por coidado de familiar	Duración non superior a 2 anos

## DEREITOS LABORAIS PARA PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Vacacións anuais	22 días hábiles
Matrimonio	15 días
Traslado de domicilio	1 día ou 2 días en distinta localidade. Se a unidade familiar está integrada por dúas ou máis persoas 2 día e 4 en distinta localidade
Exames finais	Durante os días da súa celebración
Realización de estudos a Administración Pública	Durante os días da súa celebración
Asuntos propios	9 días
Deber inescusable	Tempo indispensable
Polo falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar do 1º grao	3 días. Se desprazamento 5 días.
Polo falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do 2º grao	2 días. Se desprazamento 4 días.
Por intervención quirúrxica sen hospitalización de parentes ata o 2º grao	2 días. Se desprazamento 4 días
Consulta médica	Tempo necesario
Acompañar ás revisións médicas	Tempo necesario
Accidente ou enfermidade moi grave da ou do cónxuxe, ou familiares de 1º grao	Permiso retribuído cunha duración máxima de 30 días naturais.
Exames prenatais e técnicas de preparación ao parto	Tempo indispensable
Tratamentos de fecundación asistida	Tempo necesario. Se desprazamento 2 días
Acompañar o seu cónxuxe a tratamentos de fecundación asistida	Tempo necesario
Nacementos de fillos/as prematuros/as	2 hora de ausencia coas retribucións íntegas.
Lactancia dun fillo/a menor de doce meses	1 hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións
Vítima da violencia de xénero	Totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais

### REDUCCIÓNS DE XORNADA

Dereito a conciliación da vida familiar e laboral	Adaptar a duración e distribución da xornada
Coidado directo dun menor de doce anos, de persoa maior, discapacitado	Redución de ata un terzo ou un medio da xornada de traballo
Por nacemento de fillas/os prematuros ou hospitalizados	Reducir a xornada de traballo ata un máximo de 2 horas, coa diminución proporcional das súas retribucións
Coidado dun familiar de 1º grao, por enfermidade moi grave	Redución de ata o 50% da xornada, con carácter retribuído por máximo dun 1 mes, prorrogable en circunstancias excepcionais, ata un máximo de 2 meses.
Coidado directo dun familiar ata o segundo grao	Redución de ata un terzo ou un medio da xornada
<b>Vítima da violencia de xénero</b>	Redución da súa xornada de traballo coa diminución proporcional do salario ou á reordenación do tempo de traballo,

### EXCEDENCIAS

Excedencia por interés particular	Mínimo de 2 anos continuados
Excedencia por coidados de familiares	Ata 3 anos
Excedencia por violencia de xénero	Ata 6 meses

# Máis información:

Area de Igualdade  
Concello de Camariñas  
981 73 70 04  
[www.camarinas.net](http://www.camarinas.net)

Ministerio de Igualdade  
900 19 10 10  
[www.migualdad.es/mujer](http://www.migualdad.es/mujer)

Teléfono da muller  
900 400 273  
[www.xunta.es](http://www.xunta.es)

# Camariñas o-responsable

## Area de Igualdade

Praza de Insuela, S/N  
Camariñas - A Coruña - 15123

Tlf. 981 73 70 04 - Fax. 981 73 61 99

[muller.ssociais@camarinas.net](mailto:muller.ssociais@camarinas.net)

[www.camarinas.net](http://www.camarinas.net)